

## SEN ESQUECEMENTO

Un choro, un laio, un berro e por último un son atroz. Esta secuencia acompañame dende fai máis de setenta anos. Noite tras noite lembro con claridade ese instante de terror. Moitas veces procurei esquecer algo que non tiven a capacidade de evitar, pero foime imposible. Agora, os meus oitenta e sete anos aínda recordo o momento coma se fose onte.

Corría o ano 1936, en plena guerra civil española. Eu era unha rapariga de dez anos inxenua e allea a situación na que vivíamos. Sempre andaba coa miña irmá percorrendo os arredores en busca de novas aventuras. Cando non estábamos na praia, subíamos ao monte da Guía, o lugar mais máxico que coñecíamos. Dende alí ollábamos toda a ría de Vigo, dando pé a que a nosa imaxinación desbordase infinidade de historias. Barcos cheos de piratas, invasións de potencias estranxeiras e afundimentos de navíos entre outras moitas cousas.

Ate que chegou o peor día da nosa curta existencia. Un día que marcaría toda a nosa vida.

A nosa nai traballaba no porto clasificando o pescado que descargaban os barcos pesqueiros. Era un traballo duro pero preciso para alimentar os seus oito fillos. Erguíase moi cedo e antes das cinco da mañá saía da casa envolta na súa touca. Moitas veces ofrecíame para axudala. Ela sempre contestábame cun sorriso. Aínda es nova de máis, xa terás tempo de traballar.

Na súa ausencia, moitas veces, marchaba coa miña irmá maior. Éramos unhas nenas inqedas e rebeldes na procura de diversión.

Ese fatídico día fuximos da casa deixando os nosos irmáns a cargo da avoa. Dirixímonos a praia da Lagoa. Alí atopamos un grupo de mariscadoras recollendo berberechos e navallas. Nós corríamos descalzas pola beira do mar esquivando as mulleres. Levamos algún que outro berro por molestar, algo o que estábamos afeitas.

Cando o cansazo fixo a súa aparición nos nosos corpos, sentámonos na fina area. Descansamos apenas uns minutos ollando a recolleita dos moluscos. Logo, atravesamos a praia, dunha punta a outra, recollendo cunchas de distintos tamaños. A miña irmá gustáballe xuntalas nunha caixiña que agochaba debaixo da súa cama. Alí tamén metía as cunchas mais estrañas que atopábamos. Eu xuntaba pequenas buguinas para facer fermosos colares que agasallaba nos aniversarios.

Envurullamos a colleita nun pequeno pano e ateino a saia. Despois decidimos subir o monte da Guía. Camiñamos polo sendeiro que levaba a cima. Os piñeiros e os carballos coutaban o camiño. O ascenso ata a parte mais elevada era esgotadora pero valía a pena o esforzo. Unha vez enriba divisábase dende as illas Cíes ata preto da illa de San Simón, un verdadeiro privilexio para os ollos.

Cando regresaba o noso pai sempre subíamos o monte para ver achegarse o barco. Él era mariñeiro de alta mar e soamente viña a casa dúas ou tres veces o ano. Acompañado sempre por unha espesa barba e co pelo despeiteado. Despois de darnos os bicos de costume, pechábase no cuarto de

baño para rasurarse por completo. Logo aparecía ante nós un home, vinte anos mais novo, ese si que era o noso pai.

Ollando o mar aínda non pensábamos no seu regreso. Faltaban a lo menos un par de meses para a súa volta a terra.

Albiscamos algunhas chalanas o longo da ría. Pescadores que izaban as redes ou as nasas ateigadas do froito do mar.

De súpeto, escoitamos un asubío grave. Ollamos con curiosidade o porto. Alí, un enorme buque de pasaxeiros dispúñase a zarpar. Volvemos a escoitar outro asubío. Eran os derradeiros avisos para poder embarcar. Non apartamos a mirada do barco namentres abandonaba a zona de atraque. Vimos como pasaba preto das illas Cíes.

Non lle quitamos ollo ata que foi un pequeno punto ao lonxe. Nese intre pregunteille a miña irmá. ¿Onde irá?. Ela contestoume con rapidez coma se xa tivese a resposta pensada. As Américas.

Quedamos en silencio imaxinando como sería ese lugar o que todo o mundo desexaba ir. Algún día eu tamén collerei ese barco. Dixo a miña irmá. Eu non fixen ningún comentario pero entristeceume pensar na nosa separación.

Entón, escoitamos uns pasos. Tirámonos o chan para ocultarnos. Detivéronse xusto debaixo de nós. Miña irmá fíxome un xesto coa man para que estivese calada. Arrastrámonos ata a marxe do camiño para ver con claridade.

Albiscamos a catro persoas, tres homes e unha muller. Ela non deixaba de chorar aferrándose a un home que levaba unha camisa branca. Os outros dous apuntábanos cunhas armas. Eu nunca vira un rifle tan de preto. Comecei a tremelicar de medo. Miña irmá aferroume a man intentando calmarme.

A muller, vestida cun camisón branco, non deixaba de chorar. O seu home comezou a suplicar. Pedíalles que a deixasen marchar.

Os homes armados, vestidos cun uniforme verde, ignoraban os seus rogos. Un deles fixo un movemento co rifle e logo apuntou de novo o home. Éste lanzou un berro que resoou en todo o monte.

Nese intre, intentei erguerme para fuxir, non quería seguir vendo. Miña irmá aferroume contra o seu corpo impedíndome a fuxida. Ela tamén quería marchar, mais tiña medo de que nos visen.

O home do rifle apertou o gatillo. Unha bala saíu disparada en medio dun son atronador. Fixo impacto no peito do home de camisa branca. Unha mancha vermella comezou a estenderse pola súa roupa. A muller, atónita polo acontecemento, quedou coa boca aberta de par en par mirando o corpo no chan. Un segundo son atroz fixo que ela tamén caese o terreo.

Os dous corpos inertes quedaron abatidos e cubertos de sangue. Unhas lágrimas apareceron nos meus inocentes ollos. Apertei os dentes con forza para non facer ningún ruído. De seguro que nos farían o mesmo se nos descubriran.

O asasino golpeou coa súa bota os corpos empurrándoos ladeira abaixo. Éstes foron a rebolos quedando ocultos nunhas matogueiras.

Despois, os dous homes marcharon como se non sucedera nada. Nós apertámonos con forza mentres chorábamos sen cesar.

Non lembro o tempo que pasamos alí pero si o que sentín. Medo, temor, rabia, pánico, desesperación e incerteza entre outras cousas.

Decidimos non comentar o suceso con ninguén. Non entendíamos o que sucedera pero pensábamos que contalo podería prexudicarnos.

Dende aquel día a tristura instalouse nos nosos corazóns. Tódalas noites espertaba polos pesadelos. A única que lograba acougarme era a miña irmá. Non podía apartar da miña mente os asasinatos. Pero, pouco a pouco, os pesadelos foron distanciándose no tempo. Medrei e vivín a miña vida cunha imaxe perpetua na miña mente.

Agora, despois de tantos anos, aínda lembro o acontecido. Miña irmá deixoume fai dez anos levándose a tumba o noso segredo. Sei que ela tampouco podía esquecer ese momento.

O ver a morte tan de preto fíxonos perder a inxenuidade. Démonos conta que entre a vida e a morte hai unha liña moi fina.

Nunca tiven noticias de que atoparan os corpos. O mellor aínda seguen alí. Pero xa é demasiado tarde e eu son demasiado vella.

Co paso do tempo comprendín cal foi o motivo de tal barbarie. A parella que mataron foran delatados coma republicanos. Unha simple acusación valía para exercer o máximo castigo: o fusilamento.

Agora mesmo, agardo que este feitos non volvan a suceder xamais. Aínda que na miña mente acontezan unha e outra vez.

MEGARA ALONSO